

EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO CONCEPTO DE EQUIVALENCIA EN TRADUTOLOXÍA

María Magdalena Vila Barbosa
Universidade de Vigo
mariamagdavilabarbosa@uvigo.es

Resumo: No presente traballo realizaremos un breve percorrido histórico polas diversas definicións e empregos dun concepto que remite ao revesgado problema hermenéutico da relación entre o texto de partida e o de chegada. Desde Roman Jakobson, primeiro teórico da linguaxe que trata da equivalencia en tradución, ata achegas máis radicais que pretenden desprazar a noción de equivalencia, pretendemos revisar as distintas concepcións de equivalencia de cada autor. Desde un sentido matemático que presupón intercambiábeis e simétricos os textos ou unidades ás que adscribe unha equivalencia, ata unha concepción dinámica que define a relación entre tradución e texto orixinal como un vencello cambiante onde hai lugar para a diferenza, a manipulación, a ideoloxía e a visibilidade, cuestionaremos toda a terminoloxía que circunda a idea de equivalencia: similitude, analoxía, congruencia e adecuación.

Palabras chave: equivalencia, fidelidade, adecuación, estudos de tradución.

HISTORICAL EVOLUTION OF THE CONCEPT OF EQUIVALENCE IN TRANSLATION STUDIES

Abstract: This paper seeks to make a historical review of the different definitions and uses of a concept referred to the complex hermeneutical problem of the relationship between the source and the target texts. From Roman Jakobson, the first language theoretician to deal with equivalence in translation, to the most radical approaches which intend to displace the notion of equivalence, we will analyze different authors' conception of equivalence. From a mathematical sense, which assumes that equivalent

texts and units are interchangeable and symmetrical, to a dynamic conception defining the relationship between translated and original texts as a changeable link where difference, manipulation, ideology and visibility can exist, we will question all the terminology surrounding the idea of equivalence: similarity, analogy, congruence and adequacy.

Keywords: equivalence, fidelity, adequacy, Translation Studies.

1. Introducción

Ao longo da historia da Tradutoloxía a noción de *fidelidade*, entendida coma a relación establecida entre o texto orixinal e o texto traducido, viuse substituída ou desprazada por outra noción máis moderna, a de *equivalencia*, que ocupou un lugar central nas reflexións arredor da tradución desde finais dos anos cincuenta. A equivalencia, termo reiterativo e concepto controvertido das teorías modernas de tradución, foi abordada por diferentes autores desde distintos enfoques: equivalencia no plano da lingua *versus* equivalencia no plano da fala, teorías prescritivas *versus* teorías descritivas, estudos orientados ao texto fonte *versus* estudos orientados ao texto meta, enfoque científico *versus* enfoque histórico-descriptivo, equivalencia natural *versus* equivalencia direccional.

Na bibliografía sobre a tradución son numerosos os autores que se achegaron ao concepto de equivalencia e o fixeron desfilir con diferentes adxectivos modificadores –dinámica, formal, funcional, estilística–, porén poucos foron os que se atreveron a dar unha definición sucinta, coherente, clara e reveladora sobre o que é realmente a equivalencia en tradución. En toda achega a este concepto admítese que ten que ver coa relación establecida entre o texto de partida e o texto de chegada, pero o que permaneceu difuso e ambiguo é a natureza desa relación, dando lugar a múltiples lecturas e reproches.

Neste traballo faremos eco non soamente das diferentes críticas contra as consideracións tradicionais da equivalencia, senón tamén subliñaremos a importancia e as consecuencias metodolóxicas de

ter prescindido do concepto de equivalencia entendido coma un prerequisite da tradución para tratala coma unha noción funcional-relacional, de cariz socio-histórico e natureza flexíbel.

2. Equivalencia e historia da tradución

A noción de equivalencia evolucionou en Tradutoloxía dende as consideracións máis tradicionais de tipo prescristivo que a sitúan no plano da lingua ás concepcións máis modernas, xa no plano da fala, que lle adxudican un carácter contextual, comunicativo e funcional. As achegas máis radicais dubidan da posibilidade de relación de equivalencia entre os dous textos e propón unha reflexión sobre os condicionamentos e normas que rexen esa relación.

Á hora de establecer criterios para clasificar as diferentes visións de equivalencia, os teóricos non chegaron a un consenso, de tal forma que estas poden subdividirse en función do tipo de enfoque seguido polas diferentes escolas, temos así teorías naturalistas e direccionalistas –Pym (2011)–, enfoques lingüístico tradicional, científico e histórico-descriptivo –Halverson (1997)– e equivalentistas no plano da lingua, no plano da fala e funcionalistas –Hurtado Albir (2001)–, enfoques prescristivos e enfoques descriptivos.

Para o noso estudo, distinguiremos entre a concepción de equivalencia propugnada desde a lingüística tradicional, desde os enfoques científicos e desde os enfoques histórico-descriptivos, resaltando as achegas máis notábeis dos representantes de cada escola. Halverson (1997: 212) recoñecía que o concepto de *equivalencia* sirve de parámetro de demarcación entre as dúas principais escolas de pensamento dos Estudos de Tradución, a que defendía un acercamento científico e a que reivindicaba a importancia dos estudos histórico-descriptivos.

Pym (2011: 8) sinalaba que era precisamente esa maraña de teorías de envergadura un dos problemas da tradutoloxía, resaltando, asemade, que cada nova teoría xurdía como reacción das

anteriores, sen que existise diferenzas realmente irreconciliábeis. Este autor cita coma exemplo o concepto de *equivalencia*, variábel segundo o marco teórico pero, ao mesmo tempo, factor de acercamento conceptual, oculto baixo unha «confusión terminolóxica». Desde ese punto de vista, a equivalencia sería fundamentalmente a fidelidade reformulada segundo os criterios dunha época estruturalista, posteriormente revisada desde un ángulo diferente polos estudos descritivos (Pym, 2011: 8).

Pym albisca unha compoñente profundamente histórica na conceptualización da equivalencia. Este autor amósanos que, antes mesmo do xurdimento das principais teorías da equivalencia para explicaren algo que a lingüística non podía dilucidar, Cicerón e os seus *ut interpres* e *ut orator* xa presupuñan unha igualdade potencial entre os idiomas e, por ende, unha visión subxacente de equivalencia. Para enmarcar o rico e complexo paradigma da equivalencia, este autor estuda as teorías da equivalencia desde dous conceptos parcialmente opostos, equivalencia natural *versus* equivalencia direccional, dos que trataremos máis adiante.

2.1 Enfoque lingüístico tradicional

Roman Jakobson foi o primeiro autor que empregou o termo de equivalencia e o fixo dende un subterfuxio puramente lingüístico ao afirmar que «translation involves two equivalent messages in two different codes» (Jakobson, 1959: 232). Deste xeito, a misión do tradutor é a de trasladar o contido do texto de orixe á lingua meta de tal forma que se garanta a equivalencia na diferenza. O contexto e as variábeis pragmáticas non teñen cabida neste acercamento á equivalencia tradutora. Para Jakobson non existe unha equivalencia absoluta, pero toda lingua, como elemento de comunicación que é, goza dunha serie de recursos para superar as barreiras impostas pola organización estrutural particular de cada sistema.

Un lugar máis discreto ocupa a equivalencia para Vinay e Darbelnet, quen a consideran coma un procedemento de tradución que

«expresa la misma situación que el original recurriendo a una redacción totalmente diferente» (Vinay e Darbelnet, 1958: 9). A situación comunicativa fíxase coma punto de partida do procedemento de equivalencia, empregando ferramentas estilísticas e estruturais completamente diferentes en cada lingua. Os autores defenden a posibilidade de realizar repertorios de equivalencias, como no caso dos proverbios, frases idiomáticas e idiotismos. Esas equivalencias son unívocas e independentes das realizacións textuais concretas.

Pym (2011) enmarca as propostas de Vinay e Darbelnet dentro da equivalencia natural, entendida esta coma a correspondencia existente antes mesmo da intervención do tradutor. Desde un prisma estruturalista, Vinay e Dalbernet desenvolveron sete estratexias para lograr a equivalencia nas situacións nas que non existían equivalentes naturais obvios, a partir dun estudo minucioso e atento das formas lingüísticas dun par de linguas.

2.2 Enfoque científico

Nun segundo momento da evolución do concepto de equivalencia, os teóricos defenden un desprazamento do plano da lingua cara ao da fala, sendo esta a verdadeira equivalencia de tradución. A explicación da equivalencia tradutora é un dos obxectivos principais daqueles teóricos que desenvolveron un enfoque científico da tradución. Os teóricos *direccionistas* conciben a tradución coma un proceso –substitución, reprodución, traslado–, e optan por unha visión dinámica e polo recoñecemento da posibilidade de que as traducións remitan de volta aos textos de orixe.

Á diferenza do enfoque lingüístico tradicional, desde este novo acercamento deféndese un concepto de equivalencia dinámica baseado na produción de respostas ou efectos equivalentes ou idénticos nos receptores da cultura de partida e nos da cultura de chegada. Ao concepto de equivalencia engádense, ademais, unha serie de adxectivos cualificativos nun intento de precisar a ambigüidade desta noción. Moitas destas teorías recoñecen a existencia de dous

tipos de equivalencia presentados nun binomio simples, é dicir, soamente se pode traducir dun xeito *ou* doutro.

Nesta liña sitúanse Nida e Taber (1969), quen propoñen tamén un carácter contextual da equivalencia e diferencian entre *equivalencia dinámica* e *equivalencia formal*, dous polos opostos, próximo á cultura meta e próximo ao texto de orixe, respectivamente. Deste xeito, a validez de ambos os dous modelos está en función do propósito da tradución, do tipo de mensaxe e do público ao que vai destinado o texto meta. Os equivalentes son os tradutores que os producen, non existen antes do acto de tradución.

Coma tradutor da Biblia, Nida e o seu concepto de equivalencia dinámica alborozaron o eido da tradución de textos relixiosos e, grazas aos seus estudos sobre a tradución bíblica, introducíronse aspectos sociolingüísticos na teoría da tradución, demostrándose así que calquera enfoque exclusivamente lingüístico é insuficiente para o estudo da tradución. Os seus conceptos de equivalencia dinámica e formal sitúan o receptor no centro da ecuación, superando a sempiterna contenda entre tradución literal *versus* tradución libre e a falacia da existencia de equivalencias ríxidas, fixas, transcódificábeis, preestablecidas e independentes do contexto.

Nida exerceu unha enorme influencia noutros teóricos, sobre todo en Alemaña, con Wills, Kade ou Koller. Con Kade e Koller auméntase o repertorio de equivalencias, con catro tipos, o primeiro e cinco, o segundo. Koller (1979) examina en detalle o concepto de equivalencia, relacionándoo coa correspondencia, situando a primeira no plano da fala e a segunda no plano da lingua. O autor afirma que se poden atopar equivalencias para tantas partes ou niveis dun texto de orixe como se considere pertinente, será tarefa do tradutor seleccionar o tipo de equivalencia máis axeitado para a función determinante do texto de orixe. Aínda así, a confusión e a fragmentación en torno ao termo equivalencia persisten.

Catford (1965) realizou un importante traballo sobre a natureza da equivalencia tradutora, propuxo a distinción entre correspondencia formal e equivalencia textual, engadindo outros dous tipos

de equivalencia: equivalencia *nil* e equivalencia *zero*. Definía a tradución deste xeito: «sustitución del material textual en un idioma por material equivalente en otro idioma» (Catford, 1965: 20) e recoñecía que os factores contextuais e cotextuais afectan constantemente o achado de equivalencias.

Todos estes autores van establecer tipoloxías ou clasificacións de equivalencias entre linguas e equivalencias tradutoras partindo de diferentes puntos de vista pero sen chegaren a un consenso arredor da súa definición. A ambigüidade, confusión e multiplicidade de nocións de equivalencia levaron a algúns autores ao escepticismo e a considerala unha *ilusión*, como foi o caso de Snell-Hornby (1988). Outros, coma Hatim e Mason, manifestan a súa disconformidade con Nida e a súa defensa da posibilidade e necesidade de reproducir nos lectores da cultura de chegada os mesmos efectos producidos nos lectores da cultura de partida. Apoian a súa crítica na imposibilidade de que «el lector de una novela japonesa fuertemente costumbrista sientan la misma impresión que los lectores nativos ante la obra original» (Hatim e Mason, 1995: 392).

Os detractores destas achegas insisten tamén no erro desa visión excesivamente prescritiva da tradución, xa que estes *equivalentistas* pretenden formular axiomas sobre como se debe traducir e así encarrear aos tradutores cara a unha correcta interpretación do sentido do texto fonte. Trátase, segundo os seus críticos, de avanzar na descrición das equivalencias e na definición dos criterios que rexen o seu funcionamento.

3. Xiro dende a *equivalencia* á *norma de tradución*

3.1 Enfoque histórico-descriptivo

Pouco a pouco, a noción de equivalencia foi desprazada polo concepto de *norma* de tradución, eixe principal do enfoque de Tou-

ry (1980, 1995). O autor israelí critica a concepción tradicional de equivalencia e establece a distinción entre a equivalencia entendida coma concepto teórico e entendida coma termo descriptivo. Esta segunda acepción permite unha maior aplicación metodolóxica. Ademais de subliñar a distancia existente entre o concepto de equivalencia e as súas posibilidades de aplicación, Toury bota por terra todos os fundamentos teóricos que elixían o texto de partida e a lingua de partida coma punto de referencia. Pasábamos así das teorías *source-oriented* a unha achega *target-oriented*.

Las traducciones son hechos de la cultura que las acoge, y que forman parte de esa cultura y reflejan su red interna de relaciones, cualquier que sea su función e identidad. Sin duda, debido a ese punto de partida metodológico, este modo de enfocar el estudio de las traducciones y la actividad traductora en sus contextos más inmediatos se ganó el apodo de ‘orientado al polo meta’ (Toury, 2004: 64).

Ese xiro metodolóxico, que sitúa o texto de chegada como condicionamento das solucións que dea o tradutor aos problemas que resultan do proceso de tradución, orienta o seu itinerario cara a cultura receptora. Toury insire no eido da tradución nocións desenvolvidas por Even-Zohar (1990) e a súa Teoría do Polisistema e propón unha serie de conceptos coma *norma*, *tradución asumida* e *equivalencia*, esta última cun significado diametralmente oposto ao que lle asignaba a tradutoloxía tradicional, cun pulo desde enfoques prescritivos a unha achega descriptiva.

Tradicionalmente asumíase que a validez dunha tradución estaba en función do seu axuste ao texto orixinal, en aspectos formais, funcionais ou comunicativos, de tal forma que o máis importante era establecer o grao de equivalencia existente entre os dous textos. Toury propón un concepto de equivalencia coma unha relación funcional e dinámica que toda tradución establece co seu orixinal, relación esta determinada polas normas que guían a tradución na

cultura receptora. Tanto as normas coma as equivalencias están suxeitas, en última instancia, ao feito de que os receptores desas traducións as consideren coma traducións válidas, aceptábeis e correctas. Así, serán os receptores os que aceptarán un texto determinado coma tradución ou *assumed-translation*.

Toury interrógase polo tipo de relación tradutora existente entre dous textos e polas causas que explican por que se dá esta relación e non outra. Defende unha análise sociohistórica que, en vez de xulgar, amosa os porqués das transformacións que realiza o tradutor. Dende os Estudos Descritivos da Tradución, pregúntase qué, cómo, cándo, por qué e en qué circunstancias se traduce. Para dar unha resposta a estes interrogantes, desenvolve o concepto de norma, que desbotará a equivalencia coma centro do interese investigador. Lonxe do sentido de corrección ou incorrección que tradicionalmente ostentaba o termo normas, Toury emprégaas para designar os factores que regulan as eleccións que realiza o tradutor durante o proceso de tradución. Este optará pola adaptación ou pola aceptabilidade segundo demande a cultura meta.

As normas, «a graded notion» (Toury, 1995: 67), concíbense coma restricións socioculturais específicas para unha cultura, unha sociedade e para un tempo determinado, restricións interiorizadas polos individuos a través dos procesos de educación e socialización. O tradutor verase sempre na necesidade de tomar decisións, xa que o seu labor non se reduce a transferir frases dunha lingua para outra, senón que desempeña un papel social e exerce unha función determinada pola comunidade.

A formulación touriana de normas acabou por redefinir o concepto de equivalencia afastado das hipóteses abstractas e universais esencialistas para centrarse no estudo das traducións coma artefacto cultural no contexto da sociedade receptora. Prescínlese dunha idea de equivalencia entendida coma requisito preconcebido, abstracto e ahistórico, para examinar as equivalencias coma relacións concretas que unha tradución establece cun orixinal –real ou asumido– nun contexto determinado. O concepto de equivalencia adquire un carácter funcional e relacional, deixa de ser un fin en si

mesmo para tornarse unha consecuencia, froito da confianza que o lector da tradución deposita no tradutor. Calquera análise posterior consistiría en comprender, na cultura e contexto estudados, qué normas tiveron que ser atendidas para que un texto fose aceptado coma equivalente doutro.

3.2 Relevancia e aplicación do enfoque histórico-descriptivo

A postura adoptada por Toury contrastaba radicalmente co enfoque adoptado ata os anos setenta que privilexiaba o estudo da tradución sempre a partir do orixinal. Esta inversión de prioridades e do punto de partida das investigacións supuxo unha aposta de un «enfant terrible» (Toury, 1995: 136). O estudo da tradución coma feito do sistema de chegada permitiría abordar cuestións coma a selección dos textos traducidos para encher un baleiro no sistema receptor, a existencia das *pseudotraducións*, o estudo do contexto socio-histórico coma variábel para comprender os mecanismos que permiten as traducións funcionaren na cultura de chegada.

A partir das achegas de Toury, os teóricos da tradución decatáronse de que, en troques de restrinxir todos os debates a unha noción subxectiva sobre a equivalencia existente entre o texto de partida e o de chegada, sería máis produtivo concentrar os seus estudos no texto traducido coma lexítimo integrante do polisistema receptor. Os textos traducidos deixaron de ser considerados fenómenos illados e pasaron a ser vistos coma consecuencia de procedementos xerais determinados pola cultura receptora. As normas sociais e as convencións literarias desa cultura gobernan os presupostos estéticos do tradutor e exercen unha influencia considerábel sobre as súas decisións. É máis importante estudar o lugar que unha tradución ocupa dentro do sistema literario receptor que determinar se o texto traducido consegue reflectir, con fidelidade, a esencia do seu orixinal.

Esta abordaxe histórica e descritiva pon de relevo as circunstancias históricas, o contexto de selección, produción, divulgación,

recepción e avaliación das traducións. Dáse preferencia ás análises sobre *en que consiste o comportamento tradutivo* en lugar de prescribir *en que debería consistir*. Realízanse estudos de diversas traducións dun determinado período e examínase o desenvolvemento diacrónico da tradución, as súas funcións culturais, a influencia do mercado editorial na produción e distribución de obras traducidas. No tocante ao comportamento do tradutor, o seu interese céntrase en estudar as circunstancias que levan o tradutor a reproducir un patrón estético existente na cultura de chegada –aceptabilidade– ou, pola contra, a rexeitalo e a introducir un novo modelo inspirado no texto de orixe –adecuación.

Desbótase toda concepción predefinida da tradución xa que se trata dun obxecto de estudo esencialmente variábel, volúbel, dinámico e non absoluto. En palabras de Toury (1995: 141), «un objeto que se caracteriza por su variabilidad: diferencia entre culturas, variación dentro de una misma cultura y transformación a lo largo del tiempo». Esta postura permítenos contemplar a posibilidade de que un texto se poida traducir de formas diferentes nunha mesma cultura e que dous textos equivalentes nun momento dado o deixen de ser noutro momento, dada a diacronicidade do concepto de equivalencia.

Baker (1998) afirmaba que as achegas de Toury significaron a máis grande revolución na investigación no eido dos estudos de tradución, cunha influencia innegábel durante as décadas dos oitenta e noventa. Vanderschelden (2000) reconece igualmente a importancia dos estudos tourianos na avaliación da calidade das traducións. Berman analiza a postura de Toury, reconece a importancia do xiro cara ao polo de recepción pero subliña que maiores eivas desta postura son, por unha banda, considerar o suxeito tradutor coma un simple enlace entre «des normes du discours social et de l'institution qui les instaure et les sanctionne» (Berman, 1995: 59) e, por outra banda, acentuar o carácter neutral na tradución, un quefacer no que «on ne peut pas, on ne doit pas être neutre» (Berman, 1995: 63).

A modo de resumo da transcendencia que, nos estudos de tradución, tivo ese xiro metodolóxico impulsado por Toury, reprodu-

cidos as verbas de Gentzler (1993), quen reconece catro aspectos principais do impacto do enfoque histórico-descriptivo.

- (1) the abandonment of one-to-one notions of correspondence as well as the possibility of literary/linguistic equivalence (unless by accident);
- (2) the involvement of literary tendencies within the target cultural system in the production of any translated text;
- (3) the destabilization of the notion of any original message with a fixed identity;
- (4) the integration of both the original text and the translated text in the semiotic web of intersecting cultural systems (Gentzler, 1993: 133-134).

3.3 Eivas do enfoque histórico-descriptivo

Malia o aplauso case xeneralizado a este novo enfoque, non faltaron tamén algunhas críticas. Xa vimos no apartado anterior as críticas de Berman, a estas súmanse, por exemplo, as de Venuti (1995) que sinala a existencia de baleiros nesta proposta. Este autor percibe que o papel que desempeñan as editoriais no proceso de tradución non está recollido no concepto de norma. Por outra banda, Venuti opina que o estudo das traducións non pode ser exclusivamente descriptivo.

Chesterman (1997) considera que a dicotomía entre adecuación ou aceptabilidade é unha proposta ata certo punto polarizada e demasiado centrada na tradución en si mesma. Munday (2001) critica a proposta de Toury pola súa xeneralización a partir do estudo duns casos e da aplicación dunhas normas que considera altamente influenciadas polo subconsciente do propio autor israelita. Hermans (1999) dubida que sexa factíbel o establecemento duns patróns xerais aplicábeis ás tomas de decisións do tradutor.

A historia máis recente da Tradutoloxía estase a beneficiar de novas correntes de investigación de orientación poscolonial. Se ben estas investigacións se sitúan nunha especie de extensión do paradigma descritivo ideado por Holmes e desenvolvido por Toury, estas correntes van máis aló e poñen en tea de xuízo todas as cuestións en torno da equivalencia e transferencia nas que se fundamentaban as teorías anteriores e constrúen os presupostos dun cuestionamento epistemolóxico.

4. *Beyond Toury*

A noción de equivalencia segue sendo recoñecida como unha noción central e polémica nos estudos de tradución. Kenny (1998: 77) insiste na circularidade da definición de equivalencia, xa que «equivalence is supposed to describe translation, and translation, in turn, defines equivalence». Bassnett (2002) recoñece que un dos maiores problemas consiste en determinar a natureza exacta do nivel de equivalencia perseguido. Esta autora, como moitos outros teóricos, considera os problemas de equivalencia como un dos temas centrais debatidos ao longo da historia da tradución coma disciplina de estudos.

Observamos que nacida coma herdanza da fidelidade, a equivalencia oscilou entre dous extremos, o enfoque prescritivo e o descritivo. Pasou de ser elemento central de estudo a ocupar unha posición secundaria e marxinal ou ata a ser convidada a desaparecer da palestra, «we must by all means reject the idea that the equivalence relation applies to translation» (Van den Broeck, 1978: 33). Porén, este mesmo autor propón unha definición de equivalencia, «translation equivalence occurs when a SL and a TL text or item are relatable to (at least some of) the relevant features of situation-substance» (Van den Broeck, 1978: 38). Con este exemplo, vemos que nunha mesma época e inclusive nun mesmo autor poden convivir conceptos de equivalencia desde diferentes puntos de vista.

Van den Broeck (1990) interrogábase polo comportamento de cambio dos paradigmas académicos e tratou de asociar as reflexións sobre tradución orientadas ao polo meta e as nocións sobre desconstrución. Este autor facía referencia á afinidade entre dous paradigmas xurdidos case simultaneamente, o de Vermeer, a *Skopostheorie*, desenvolvida nos círculos alemáns e o de Toury. Ambos estudosos orientaban os seus estudos ao polo meta, pero que outras cousas comparten? Repasemos o concepto de equivalencia segundo a achega da escola alemá.

Reiss e Vermeer (1984) introducen o concepto de *función* e suxiren a distinción entre *adecuación* e *equivalencia*. Os autores definen a adecuación coma a relación entre un texto de partida e un texto de chegada atendendo ao *skopos* ou obxectivo da tradución. A equivalencia amósase coma un tipo específico de adecuación que se produce cando entre os dous textos manteñen a mesma función comunicativa nas súas respectivas culturas. Sublíñase o carácter dinámico da equivalencia e a súa estreita relación coa función do texto final e a función global dese texto no acto comunicativo.

O mesmo Toury (2004: 65) recoñecía as diferenzas que separaban o seu ideario daquel defendido polos teóricos do Skopos, de natureza máis aplicada e prescritiva. Malia os avances dados por Vermeer e, posteriormente por Nord e a súa visión das normas de tradución, o acercamento de posturas entre os teóricos da Escola de Tel Aviv e da *Skopostheorie* non termina de producirse, «abriendo una nueva brecha entre los dos enfoques» (Toury, 2004: 66).

A equivalencia pode ser concibida coma unha especie de *tertium comparationis* ou invariante para unha análise contrastiva, como propuxo Ivir (1981: 213) ao insistir na busca de «translational equivalences». Rabadán (1991), pola súa banda, propón unha noción máis flexíbel de equivalencia que defina un tipo de relación do texto de chegada coma tradución do texto de partida. A autora insiste no carácter único e irrepetíbel de cada binomio froito dunha actuación tradutora concreta, e a súa subordinación ás normas de carácter histórico. A autora define a *equivalencia translémica*

cunha concepción dinámica, funcional e relacional, suxeita a condicionamentos históricos. Percibimos así puntos en común entre a proposta de Toury e Rabadán, esta última considera o receptor coma criterio último de delimitación da equivalencia tradutora e establece os seus límites, a *inequivalencia*.

A partir das achegas de Toury desenvólveranse varios traballos e investigacións sobre tradución que están a configurar a cara contemporánea desta disciplina. Os teóricos da chamada *Escola da Manipulación* seguen a senda aberta polo israelita e botan a un lado os interrogantes sobre a equivalencia tradutora para centrarse nas condicións que determinan a tradución, a importancia da recepción da tradución, a manipulación do orixinal, as relacións de poder e os aspectos ideolóxicos. Trátase de describir e recoñecer os poderes, perigos e límites da tradución nunha conxuntura onde consideracións de orde ética e epistemolóxica converxen.

Nos anos noventa, o xiro cultural e ideolóxico pon de manifesto que o acto tradutivo está lonxe de ser inocente e sen pecado concibido, en toda tradución hai unha reescritura e habería que desenmarañar as relacións de poder, a dinámica de forzas e o peso das moitas autoridades que converxen en todo texto traducido, como condicionantes e elementos subxacentes a este.

Novos elementos van substituíndo o concepto de equivalencia coma elemento privilexiado de investigación e debate. Xorden as prácticas tradutoras feministas, os estudos poscoloniais, o debate sobre a (in)visibilidade do tradutor e os enfoques desconstrutivistas. Este último, representado por Jacques Derrida (1985), propón unha especie de subversión da noción de equivalencia e desmantela todos os piares que sostiveron as teorías tradicionais, cuestionando as oposicións binarias texto orixinal e texto traducido, a dependencia do segundo respecto ao primeiro e a transmisión de significados estábeis.

Hurtado Albir (2001: 223) apunta que estas novas achegas non están tan afastadas dunha visión dinámica, funcional, flexíbel, relativa, efémera e contextual de equivalencia. A relación entre unha

tradución e o texto orixinal de que deriva é, segundo a autora, cambiante e abarca a diferenza, a visibilidade, a manipulación e outros conceptos reivindicados polas escolas máis contemporáneas. O importante é saír do círculo vicioso que pretende definir a tradución a partir da equivalencia e viceversa, para atender as necesidades e asumir os desafíos que impón esta nova era.

É precisamente nesta dirección que se orientan as investigacións realizadas polo grupo de investigadores de Tradución & Paratradución, nun intento de superar as nocións de lingua e texto de partida, chegada, fonte e meta e, asemade, revisar os vellos cementos que sostían o edificio dos estudos de tradución, é dicir, conceptos tan antigos coma a equivalencia, fidelidade, adecuación ou compensación. A tradución deixa de ser unha operación de procura de equivalencias para pasar a ser «a sign of fragmentation, of cultural destabilisation and negotiation» (Basnett, 1998:137).

Proponse agora unha visión holística da tradución, abordando esta non simplemente coma o reflexo das normas dunha sociedade ou da subxectividade do tradutor. Achegas coma a de Nouss, que recoñece a tradución coma mestizaxe, «le métissage, c'est le même et l'autre, en insistant sur la conjonction» (Nouss, 2005: 33), permítennos deixar de ver a tradución coma un acto que borra e elimina as distancias e diferenzas para concibila coma un espazo entre dous que nos leva a ser «l'un et l'autre en même temps dans un espace de l'entre-deux où l'un ne devient pas l'autre ne résorbe pas dans l'un» (Yuste Frías, 2005: 78).

Recebido em 02/12/11

Aceito em 07/05/12

Bibliografía

BAKER, M. (ed.) (1998): *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*. Londres: Routledge.

BASSNETT, S. (2002): *Translation Studies*. Londres: Routledge.

BERMAN, A. (1995): *Pour une critique des traductions: John Donne*. París: Gallimard.

BROECK, R. van den (1978): "The Concept of Equivalence in Translation Theory: Some Critical Reflections", en J. S. Holmes, J. Lambert y R. van den Broeck (eds.): *Literature and Translation: New Perspectives in Literary Studies with a Basic Bibliography of Books on Translation Studies*. Leuven: Acco, pp. 29-48.

CATFORD, J. C. (1965): *A Linguistic Theory of Translation*. Londres: Oxford University Press.

CHESTERMAN, A. (1997): *Memes of Translation*. Amsterdam: John Benjamins.

DERRIDA, J. (1985): «Des Tours de Babel», en J. Graham (ed.), *Difference in Translation*, Ithaca: Cornell University Press, pp. 165-207.

EVEN-ZOHAR, I. (1990): "Polysystem Theory", *Poetics Today*, 11/1, pp. 9-26.

GENTZLER, E. (1993): *Contemporary Translation Theories*. Londres: Routledge.

HALVERSON, S. (1997): "The Concept of Equivalence in Translation Studies: Much Ado about Something", en *Target*, n° 9, vol. 2, pp. 201-233.

HATIM, B. y MASON, I. (1995): *Teoría de la traducción. Una aproximación al discurso*. Barcelona: Ariel.

HERMANS, T. (1999): *Translation in Systems. Descriptive and Systemic Approaches Explained*. Manchester: Saint Jerome.

HURTADO ALBIR, A. (2001): *Traducción y Traductología. Introducción a la Traductología*. Madrid: Cátedra.

IVIR, V. (1981): "The Communicative Model of Translation in Relation to Contrastive Analysis", en Kühlwein, Thome & Wills (eds.): *Kontrastive Linguistik und Übersetzungswissenschaft*. München: Wilhelm Fink Verlag pp. 209-218.

JAKOBSON, R. (1959): "On Linguistics aspects of Translation", en R. A. Brower (ed.) *On Translation*. Londres: Harvard University Press.

KENNY, D. (1998): "Equivalence", en M. Baker (ed.), pp. 77-80.

KOLLER, W. (1979): *Einführung in die Übersetzungswissenschaft*. Heidelberg: Quelle & Meyer.

MUNDAY, J. (2001): *Introducing Translation Studies. Theories and applications*. Londres: Routledge.

NIDA, E. y TABER, C. (1969): *The Theory and Practice of Translation*. Leiden: E. J. Brill.

NOUSS, A. (2005): *Plaidoyer pour un monde métis*. París: Textuel.

PYM, A. (2011): *Teorías contemporáneas de la traducción. Materiales para un curso universitario*. Tarragona: Intercultural Studies Group. [En línea] <http://isg.urv.es/publicity/isg/publications/2011_teorias/pym_teorias_traducccion_web.pdf>. [Consulta, 12 de noviembre de 2011].

RABADÁN, R. (1991): *Equivalencia y traducción. Problemática de la equivalencia translé mica inglés-español*. León: Universidad de León.

REISS, K. y VERMEER, J. (1984): *Grundlegung einer allgemeinen Translations theorie*. Tübinga: Niemeyer.

SNELL- HORNBY, M. (1988): *Translation Studies. An Integrated Approach*. Amsterdam: John Benjamins.

TOURY, G. (1980): *In Search of a Theory of Translation*. Tel Aviv: The Porter Institute for Poetics and Semiotics, Tel Aviv University.

_____. (1995): *Descriptive Translation Studies and beyond*. Amsterdam: John Benjamins.

_____. (2004): *Los estudios descriptivos de traducción y más allá. Metodología de la investigación en estudios de traducción*. Traducción española y edición de R. Rabadán y R. Merino. Madrid: Cátedra.

VANDERSCHULDEN, I. (2000): "Quality Assessment and Literary Translation in France", *The Translator*, 6/2, pp. 271-293.

VENUTI, L. (1995): *The Translator's Invisibility. A History of Translation*, London and New York: Routledge.

VINAY, J. P. y DARBELNET, J. (1958): *Stylistique comparée du français et de l'anglais. Méthode de traduction*. Bibliothèque de Stylistique Comparée, nº 1. Paris: Les Éditions Didier.

YUSTE FRÍAS, J. (2005): "Desconstrucción, traducción y paratraducción en la era digital", en Yuste Frías y A. Álvarez Lufrís (eds.), pp. 59-82. Capítulo disponible en la web do autor: <<http://webs.uvigo.es/jyuste/docu/publicaciones/JoseYusteFrias%202005c.pdf>> [Consulta, 12 de setembro de 2011]